

Instrucións de acceso ás Ensinanzas Profesionais de Artes Plásticas e Deseño 2023/2024

DATAS DE INSCRICIÓN:

- Inscripción para os que teñan que realizar a proba substitutiva do título de ESO ou BACHARELATO: **Do 03 de maio ó 12 de xuño.**
- Inscripción para os que teñen que realizar solo a proba específica: **Do 03 de maio ó 22 de xuño.**

LUGAR DE INSCRICIÓN:

A inscrición para o acceso e a admisión farase na secretaría da Escola de Arte e Superior de Deseño pública elixida en primeiro lugar, na cal se impartan as correspondentes ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño, ou ben telematicamente mediante a ligazón habilitada á aplicación CodexPro na páxina web da escola.

DATA E LUGAR DA PROBA SUBSTITUTIVA DO TÍTULO DE ESO E BACHARELATO:

21 de xuño na Escola de Artes onde se fixese a inscrición.

DATA E LUGAR DAS PROBAS ESPECÍFICAS:

3 de xullo na Escola de Artes onde se fixexa a inscrición.

PUBLICACIÓN DE CUALIFICACIÓNS:

Proba substitutiva: 23 de xuño nos taboleiros e web das Escolas de Arte.

Proba específica: 5 de xullo nos taboleiros e web das Escolas de Arte.

LISTADOS DE ADMITIDOS E DATA DA MATRÍCULA NAS ENSINANZAS:

Listado de admitidos: 13 de xullo.

Matrícula: 14, 17 e 18 de xullo.

REQUISITOS ACCESO ENSINANZAS PROFESIONAIS DE GRAO MEDIO:

Hai que cumprir estes dous requisitos:

1. Título de ESO ou proba substitutiva (17 anos)

2. Superar unha [proba específica](#).

Os que teñan pendente algunha materia da ESO poderán presentarse á proba específica de acceso, aínda que no momento de formalizar a matrícula deberán acreditar que están en posesión da titulación requirida, e poderán optar á praza solicitada.

A proba substitutiva do título de ESO pódese substituír pola proba de acceso a ciclos medios e superiores, pola proba de madurez para ensinanzas deportivas, ... [ver resolución](#).

As persoas con discapacidade (mínimo 33%):

- Poden solicitar adaptación das probas.
- Resérvase un 5% do total das prazas en cada ciclo.

Deportistas de alto redemento ou nivel: Resérvase un 5% do total das prazas.

Pódese acceder directamente sin probas? Sí, quen cumpra algunha destas condicións ([ver resolución](#)):

- Quen estea en posesión dun título de técnico ou técnico superior de Artes Plásticas e Deseño dunha familia profesional relacionada co ciclo formativo a que se pretende acceder ou título declarado equivalente.
- Quen teña superados os cursos comúns de artes aplicadas e oficios artísticos de plans de estudos de anteriores leis educativas.
- Quen teña o título do bacharelato de artes.
- Quen teña un título superior de Deseño, de Conservación e Restauración, ou graos de Belas Artes, Arquitectura, Deseño Industrial.
- Un ano de experiencia laboral relacionada co ciclo.

REQUISITOS ACCESO ENSINANZAS PROFESIONAIS DE GRAO SUPERIOR:

Hai que cumprir estes dous requisitos:

- Título de bachelato/ Título de Técnico ou [proba substitutiva](#) (con 19 anos ou 18 para en caso de ter un título de Técnico en artes plásticas e deseño).
- Superar unha [proba específica](#).

Os que teñan pendente algunha materia de bacharelato poderán presentarse á proba específica de acceso, aínda que no momento de formalizar a matrícula

deberán acreditar que están en posesión da titulación requirida, e poderán optar á praza solicitada.

A proba substitutiva pódese substituír pola proba de acceso a ciclos superiores, pola proba de madurez para ensinanzas superiores deportivas, ...[ver resolución](#).

Persoas con discapacidade (mínimo 33%):

- Poden solicitar adaptación das probas.
- Resérvase un 5% do total das prazas en cada ciclo.

Deportistas de alto redemento ou nivel: Resérvase un 5% do total das prazas.

Pódese acceder directamente sin proba específica? Sí, quen cumpra algunha destas condicións ([ver resolución](#)):

- Quen estea en posesión dun título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño dunha familia profesional relacionada co ciclo formativo a que se pretende acceder ou título declarado equivalente.
- Quen teña superados os cursos comúns de artes aplicadas e oficios artísticos de plans de estudos de anteriores leis educativas.
- Quen teña un bacharelato de artes.
- Quen teña un título superior de Deseño, de Conservación e Restauración, ou graos de Belas Artes, Arquitectura, Deseño Industrial.
- Un ano de experiencia laboral relacionada co ciclo.

INSTRUCCIÓNS PROBAS DE ACCESO:

- [Proba substitutiva e específica a ciclos medios.](#)
- [Proba substitutiva e específica a ciclos superiores.](#)

MÁIS INFORMACIÓN:

- [Accede á información da convocatoria na web da xunta.](#)
- [Resolución do 19 de abril de 2023.](#)
- [Guía informativa Accede á información sobre Artes Plásticas e Deseño na web da xunta Máis información neste blog](#)